



SEMPRE NÓS



Tomo I,
número 1

Millote



BOSQUE
LECTOR



XANELA



ESCOLA

XANELA



Aitalaya Cantabria
COLEXIO TECNOLÓXICO



Equipo de
Dinamización
da Lingua Galega

EDITORIAL

A verba que nos une

Cada curso escolar deixa unha pegada indelével na vida da nosa comunidade educativa. Son meses cheos de risos, descubrimentos, retos superados e primeiros logros que nacen en Infantil e crecen paso a paso en Primaria.

Esta revista anual, abre unha fiestra a unha parte de todo o vivido neste ano escolar; os proxectos realizados, as actividades deportivas, as celebracións, as emocións compartidas e o orgullo de camiñar unidos. É un recoñecemento ao esforzo do alumnado, verdadeiro protagonista, e unha invitación para seguir aprendendo xuntos.

Neste camiño, a lingua galega ocupa un lugar esencial, é parte da nosa identidade, das nosas raíces e do noso xeito de sentir o mundo. O noso colexio encheuse de palabras, cancións, contos, xogos, lecturas, celebracións e proxectos que saben a casa, a tradición e a futuro, permitindo que o galego, como vínculo e identidade, viva nos corredores, na biblioteca, no patio e na voz do alumnado con naturalidade

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega sentimos unha fonda satisfacción ao lem-

brar cada iniciativa, cada palabra compartida e cada sorriso en lingua galega, son pequenos pasos que, xuntos, constrúen algo moito máis grande: unha escola que vive, sente e soña tamén en galego. Promovendo o respecto á diversidade, ao patrimonio cultural e á historia que nos define.

Especial atención merecen as primeiras experiencias lingüísticas dos máis pequenos, nas que a palabra vai unida ao afecto e ao descubrimento, sementando un amor pola lingua que agardamos acompañe ao alumnado ao longo da súa vida.

Nada disto sería posíbel sen a complicidade do profesorado, que integra o galego con sensibilidade e convencemento non seu día a día; nin sen o apoio das familias, que confían e colaboran para que a lingua continúe viva tamén fóra da escola. A dinamización lingüística é un traballo colectivo, no que cada xesto conta e cada palabra importa.

Seguiremos traballando con ilusión, creatividade e compromiso para que o galego continúe soando nas aulas, nos corredores e nos corazóns do noso alumnado. Porque cada palabra conta, porque unha lingua que se usa, cóidase e compártese, é unha lingua que medra.

Porque facer escola en galego é facer comunidade.




Italaya Cantabria
COLEXIO DE BIBLIOTECAS

Equipo de
Dinamización
da Lingua Galega

Contenido:

Presentamos a Millote!	3
Día das Bibliotecas	5
Samaín	6
Verbas da semana	8
Día de Rosalía	9
Pescudando	10
Regueifas	12
A música Galega	13
Día das Letras Galegas	14
Viaxe a N.Y.	15

PRESENTAMOS A MILLOTE!



Ola! Chámome Millote e durante moito tempo estiven a vivir nun milleiral.

O meu amigo, o espantallo, era a miña compañia e os paxariños que nel se pousaban facían as ledicias dos meus momentos de soidade, pero como son unha mazaroquiña moi curiosa un bo día decidín marchar do meu fogar para coñecer novos lugares e pasar mil aventuras ao mesmo tempo que facer máis amigos e amigas. Queres ser ti un deles?

Xuntos faremos descubrimentos interesantes e o pasaremos moi ben. Úneste ao meu club?

Lendo con Millote:

Estreamos un novo espazo de Dinamización da Lingua Galega no cole! É un lugar moi especial, cheo de libros divertidos, revistas interesantes e xogos para aprender xogando coas verbas. Aquí podemos ler, imaxinar, descubrir historias e pasalo xenial mentres aprendemos. Pero coidado! ,Millote, a nosa simpática mascota gardiá, sempre está moi atenta, cos seus ollíños curiosos, lémbra-nos que debemos coidar o material, respectar as normas e deixar todo ordenado para que todos podamos gozar. Se seguimos as súas regras, Millote manteranos ao día coas súas novidades!



DIA DAS BIBLIOTECAS



O venres 24 de outubro, tivemos dobre celebración “Día das Bibliotecas” e 8º aniversario da nosa.

Entregouse o carné ao novo alumnado do centro e gozamos o día, neste punto de encontro da nosa inmensa curiosidade e creatividade co coñecemento e a aprendizaxe, participando nas actividades e talleres programados. Cada ciclo puido atoparse coas historias, aventuras e emocións que hai nos libros cheos de páxinas con poder para transportarche, sen moverche do sitio, permitíndoche vivir centos de vidas, rir, chorar e emocionarche. Recreamos as portadas dos nosos favoritos chegando a formar un bosque lector. Lembra “Abre un libro, conecta a túa mente e medra!”



SAMAÍN



O pasado xoves 30 de outubro, festexamos o Samaín. Un día especial no que, as nenas e nenos mostran aos compañeiros os seus coloridos disfraces de personaxes divertidos e misteriosos como bruxas, esqueletos, vampiros, zombis, pantasmas ou superheroes, gozando así, dunha festa chea de música, baile, cor e diversión.

Na súa preparación colaborou toda a comunidade educativa. O alumnado preparou diferentes actividades creativas, guiado polos mestres de Arts, para decorar as zonas comúns do centro e as aulas. Os corredores transformáronse en escenarios terroríficamente decorados, con teas de araña, pantasmas e morcegos, que creaban un ambiente misterioso e divertido. O broche final, puxérono os nosos compañeiros do terceiro ciclo, convertendo a biblioteca nun verdadeiro “Túnel do Terror” onde a diversión comezaba ao rematar a luz!

As familias colaboraron co alumnado participando no concurso de cabazas. Mostraron un alto nivel de imaxinación e esforzo. Hóboas riseiras, terroríficas, creativas, con luces e accesorios sorprendentes. O xurado tivo unha tarefa difícil para elixir as gañadoras, que formaron parte da exposición no mercado do Calvario. Ademais, o propio día, a merenda das súas fillas e fillos, foi realmente terrorífica, pantasmas, monstros, ... moitas sorpresas doces!

Unha xornada cun ambiente festivo, alegre e cheo de compañeirismo.


Especial mención queremos facer ao traballo realizado polos alumnos de 1º de primaria como preparación desta festa, pois no seu tempo de lectura, tomando como fonte de investigación a revista Papagaio, descubriron os seres misteriosos da nosa tradición, como a bruxa Chuchona, o monstro da coca, ave-laíña, ... plasmando as súas aprendizaxes nun mural coa súa particular visión dos “Seres de aquí e acolá”.



SAMAÍN



E por suposto, salientar o esforzó e imaxinación, dos alumnos de 2º e 3º ciclo de primaria, coa súa participación no concurso de relatos terroríficos, aquí temos os máis creativos, feitos en galego, segundo as votacións feitas. Unha experiencia escrita educativa, na que contar historias resultou moi divertido.



AS VERBAS DA SEMANA

Enriquecendo o noso vocabulario 📖

Para falar e escribir mellor, naceu o recuncho das **Verbas da Semana**. Comezamos co que temos máis preto: a escola e a casa. O alumnado de 2º de E.P. é o encargado de buscar as definicións, imaxes e crear exemplos.

Aprendemos verbas como *xanela*, *afiala-pis*, *roupeiro* ou *leito*. Este proxecto é unha oportunidade excelente para fomentar a expresión oral e o amor pola nosa lingua mentres descubrimos termos curiosos para o noso día a día



Aquí preséntovos o equipo que este ano encárgase de manter actualizado o recuncho das verbas da semana. Cursan 2º de E.P. Xuntos buscan as definicións, as imaxes e crean os exemplos con cada una das palabras, seleccionadas.

DÍA DE ROSALÍA


ROSALÍA DE CASTRO 23/02/1837

Un ano máis festexamos o nacemento de Rosalía de Castro, a autora máis importante da nosa cultura. Coas súas obras contribuíu ao renacer da lingua galega no século XIX, devolvéndolle o seu carácter de lingua culta, nun movemento coñecido como o Rexurdimento. Defendeu cos seus versos a identidade, a lingua e os sentimentos do pobo galego, ademais de denunciar a pobreza, a emigración forzada e reivindicar a independencia e liberdade das mulleres.

Seguro que sabedes que “Cantares Gallegos”, a súa obra máis destacada, publicouse o 17 de maio de 1863 en Vigo, pola imprenta Juan Compañel, motivo polo que esa data foi elixida para a celebración do Día das Letras Galegas. Pero o seu valor non queda no ámbito nacional, unha das evidencias de que o seu recoñecemento vai máis aló das nosas fronteiras, foi a homenaxe que no ano 2017 rendulle a areolína Norwegian Air, ao decorar co seu retrato a cola duns dos seus avións Boeing 737-800.



Este ano, o noso alumnado realizou actividades adaptadas á súa etapa e curso, como biografías ilustradas, lecturas compartidas de poemas, talleres creativos, pequenos cadernos de pasatempos sobre a súa vida e obra, [recital de poemas](#), gozou da emoción e a forza de cancións coa letra dos seus poemas de forma diferente, como a de “Adeus ríos, adeus fontes” do grupo Astarot, Tampouco faltou a alegría do grupo Migallas co Moucho, coa que cantaron e participaron con entusiasmo. E por suposto, no menú do comedor, non podía faltar un dos pratos emblemáticos de Rosalía, “Caldo dá Gloria”.





PESCUDANDO

“MUSEO ESPACIAL”

O alumnado de 5º de Primaria rematou o seu propio Museo Espacial como produto final á súa investigación sobre o universo. Pescudaron en temas como os planetas do sistema solar, as estrelas, as galaxias, os/as astronautas..., utilizando libros, recursos dixitais e traballo en equipo, para seleccionar a información máis relevante e transformárona en maquetas, paneis informativos, murais, presentacións, informacións sobre traballos STEAM e pequenos xogos temáticos para que o resto do colexio poida visitalo. Demostraron non só os seus coñecementos científicos, senón tamén habilidades de comunicación, colaboración e creatividade.



PESCUDANDO

“A VIDA SAUDÁBEL”

O alumnado de 4º de E.P., preséntanos un novo e interesante proxecto sobre a importancia de manter hábitos de vida saudábel e o papel que xogan os alimentos na nosa saúde.



Ao longo de varias semanas, pescudaron de onde proveñen os alimentos que consumimos a diario, aprendendo a diferenciar os distintos produtos segundo a súa orixe. Reflexionaron sobre a importancia dunha alimentación equilibrada, atopando que alimentos son máis beneficiosos para o seu crecemento e benestar. Ademais, analizaron a relevancia do exercicio físico, o descanso adecuado e a hidratación como piares fundamentais dunha vida saudábel. Como resultado final, elaboraron os seus traballos, fixeron as presentacións orais aos seus compañeiros e compartiron a aprendizaxe cunha exposición dos mesmos, accesible ao resto do alumnado do centro.


Este proxecto non só fomentou o traballo en equipo e a curiosidade, senón que tamén contribuíu a que tomen conciencia da importancia de coardar a súa saúde dende idades temperás.



COIDADO! CHEGAN AS/OS REGUEIFEIRAS/OS DE 4º E.P.

Coma ben é coñecido, as regueifas son unha tradición oral moi característica de Galicia. Consisten nun tipo de improvisación cantada na que, dúas ou máis persoas, rétanse con versos, normalmente con ton humorístico, irónico ou crítico. Antigamente, as regueifas eran comúns en celebracións populares, especialmente en vodas, festas de aldea e reunións veciñais.

Os nosos [cantadores de 4º E. P.](#) non precisan de celebración algunha para activar esta tradición tan importante do noso patrimonio cultural. O alumnado deste curso participa con entusiasmo nesta actividade que combina creatividade, axilidade mental, folclore e traballo en equipo. Fortalecendo non só a identidade cultural e o vínculo coa comunidade, senón tamén a expresión artística e o goce dos costumes locais.



ARTIGO: A MÚSICA GALEGA

Por Xoel, Erik e Nico de 6º de Primaria

A música galega ten unha orixe ancestral e oral, moi arraigada na cultura celta e nos ritmos do rural. Caracterízase polo uso da gaita, a pandereta e os alalás (cantos antigos).

Instrumentos principais:

- A Gaita: O noso instrumento máis emblemático.
- Percusión: O tamboril marca o ritmo, a pandereta aporta un son brillante e o pandeiro, máis grande, ofrece sons graves.

Outros: O violín, a zanfona (son continuo), a requinta e a frauta tamén son esenciais no noso folclore.


Subxéneros e ritmos: A muiñeira é o xénero principal, dividida en *nova* (rápida) e *vella* (pausada). Tamén destacan o alalá, a foliada, a xota, o pasodoble e a rumba galega.

Artistas que debes coñecer:

- Folk e Tradicional: Carlos Núñez, Luar na Lubre, Milladoiro, Cristina Pato, Susana Seivane e Mercedes Peón.
- Pop, Rock e Moderno: Los Suaves, Siniestro Total, Iván Ferreiro, Xoel López e as Tanxugueiras, que revolucionaron o panorama actual.
- Himnos que nos unen: *A Rianxeira*, *Lela*, *Galicia caníbal* ou *Terra*.



17 DE MAIO: DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Lembrando a Begoña Caamaño

Este ano, o noso colexio tinguiuse de literatura para celebrar o Día das Letras Galegas homenaxeando á escritora e xornalista Begoña Caamaño. A través de diversas actividades, achegámonos á súa figura, unha muller que destacou polo seu compromiso coa lingua, o feminismo e a dignidade do noso pobo.

Nas aulas traballamos sobre a súa faceta como contadora de historias, especialmente na súa capacidade para darlles unha nova voz ás mulleres do mito e da historia clásica. Co seu exemplo, aprendemos que o galego é unha ferramenta poderosa para construír un mundo máis xusto e igualitario. Viva a nosa lingua! .



NEW YORK NA MIÑA MIRADA

Por Lucas de 4º de Primaria

Para o alumno de 4º de Primaria Lucas, unha viaxe a cidade de New York foi unha inesquecible experiencia, que converteu en proxecto para compartirla con todos os compañeiros.

No seu paseo pola cidade que nunca dorme, visitou sitios moi famosos como a Estatua da Liberdade, a Biblioteca Pública, o Empire State Building, un dos rañaceos máis famosos do mundo, a histórica Illa de Ellis, o Madison Square Garder e subiu ao One World Trade Center, dende onde se ve toda a cidade.

Foi unha vivencia divertida na que aprendeu moitas curiosidades sobre New York e a súa historia.




A árbore de navidade do Centro Rockefeller é unha gran árbore que colócase anualmente no Centro Rockefeller, no Centro da cidade de Manhattan. A árbore colócase a mediados de Novembro e encéndese nunha cerimonia pública o mércores pola noite despois do Día de Acción de Grazias. Cada ano a árbore é doada por unha familia de New York.

ESTATUA DA LIBERTADE



A Liberdade iluminando o mundo, máis coñecida como a Estatua da Liberdade, é un dos monumentos máis famosos de Nueva York, dos Estados Unidos e de todo o mundo. Para chegar a ela hai que pasar pola illa de Ellis.



MADISON SQUARE GARDEN



10. Madison Square Garden é um recinto desportivo, ubicado na cidade de Nova York. Abrengos os partidos que disputan como locais os New York Knicks da NBA e os New York Rangers da NHL. Foi inaugurado o 11 de fevereiro de 1968 e conta com capacidade para 20.000 espectadores.



A NEVE



Seas nevados atípicos, Nueva York ten un record de neve de 30 centímetros en 190 anos. A nevada causou muitos problemas en Colorado, Illinois, Indiana, Missouri, Nueva Jersey, Nueva York y Pensilvania. En algunas zonas es imposible conducir con neve de hasta 30 centímetros de espesor.



Times Square é unha intersección de avenidas en Manhattan. Todos os seus edificios teñen publicidade.



CATEDRAL DE SAN PATRICIO



A Catedral de San Patricio é unha catedral de estilo neogótico decorado ubicado en Nova York. É en área e volume a maior catedral neogótica de América do Norte e é un punto de referencia prominente de Nueva York. Localízase no lado este da quinta avenida entre as cruces 50 e 51 fronte ao Rockefeller Center, precisamente fronte a entrada de Atlas. Ademais, é a sede da arquidiocese de Nova York e igrexa parroquial.



O Empire State Building é um arranha-céu situado na intersecção de Quinta Avenida com a 34 Street na cidade de Nova York. Foi a edifício mais alto do mundo durante cerca de cinquenta anos desde a sua finalização em 1931. A 102.ª planta a 380 metros de altura, possui uma observação a 360 graus.











ILLA DE ELLIS

A ilha de Ellis é um pequeno ilha situada no porto de Nova York, na zona superior da ilha pública de Nova Jersey. Todos os emigrantes tiveram que passar por esta ilha antes de ir para Nova York.





A biblioteca pública de Nova York é uma das mais importantes do mundo e com mais capitais de América. A biblioteca contém livros para toda a gama variada de idiomas e oferece uma variedade de programas e serviços para a comunidade.

ONE WORLD TRADE CENTER

O One World Trade Center, originalmente conhecido como Torre da Liberdade em inglês (Freedom tower), é o edifício principal do actual complexo World Trade Center. É o 2.º arranha-céu mais alto de Nova York e o sétimo mais alto do mundo. Até Setembro de 2001, aqui estavam as Torres Gémeas.





XANELA

BOSQUE
LECTOR

ESCOLA



SAMAÍN

PANDEÍRA



Atalaya Cantabria
COLEXIO PLURILINGÜE



Equipo de
Dinamización
da Lingua Galega